



Concello do Grove

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE N.º: 859/2019

ASUNTO: Programa “O Teu Primeiro Emprego”, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

ANTECEDENTES

O 15/05/2019 a Deputación de Pontevedra publica no BOPPO n.º 92, as Bases do programa de fomento da empregabilidade na Provincia de Pontevedra” O Teu Primeiro Emprego” nos Concellos.

O 27/05/2019 a XGL do Concello do Grove aproba a solicitude de participación no programa, solicitando 3 traballadores/as en prácticas: Mestre en Educación Infantil, Grao en Historia e Ciclo Superior de Administración e Finanzas.

O 12/07/2019 a XG da Deputación de Pontevedra, aprobou a relación dos concellos seleccionados para participar no programa, entre eles o Concello do Grove.

A través do Decreto 2019-0724 apróbanse as bases de selección para a contratación de 3 titulados/as con contrato laboral de prácticas dentro do programa ” O Teu Primeiro Emprego”, solicitándose candidatos á oficina de emprego.

O 12/08/2019 apróbase, mediante Decreto da Alcaldía n.º 2019-0741, a lista provisional de admitidos e excluídos en cada un dos procesos de selección e abrése o prazo de corrección.

O 14/08/2019 apróbase, mediante Decreto da Alcaldía n.º 2019-0749 a lista definitiva de admitidos e excluídos e nomease ao Tribunal Cualificador.

O 19/08/2019 constitúese o Tribunal Cualificador para realizar a cualificación provisional dos méritos e acorda outorgar prazo de 5 días hábiles para subsanar erros e omisións nos méritos alegados..

Transcorrido o prazo, o 28/08/2019 reúnese novamente o Tribunal Cualificador para proceder á cualificación definitiva dos méritos alegados, proponendo aos aspirantes a contratar e a lista de reserva para cada posto.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6SEXYP-CW57X79MNHJZGGCY32W | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello do Grove

O 03/09/2019 a aspirante Laura Oubiña Mouriña presenta a renuncia ao posto de Mestre e procédesse a chamar á persoa que ocupa o primeiro posto na lista de reserva: Clara Mascato García.

Visto o informe n.º 2019-0155, de fiscalización da intervención municipal.

Dada conta de canto antecede, e segundo as competencias que me atribúe o artigo 21.1. letra h) da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Proceder a contratación dos seguintes candidatos:

-Licenciado/a/Grao en Xeografía e Historia: YAGO VIDAL RIVEIRO.

-Mestre Especialidade Educación Infantil/Grao Educación infantil: CLARA MASCATO GARCÍA.

-Ciclo Superior en Administración e Finanzas: CRISTINA MARIÑO REY.

SEGUNDO. Proceder á formalización do contrato de traballo na modalidade contratación en prácticas, segundo a regulación contida no Artigo 11.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. a tempo completo, con un período de duración de seis meses con posibilidade de prórroga de seis máis.

TERCEIRO. Comunicar aos interesados/as que a súa incorporación ao posto de traballo será con data 06/09/2019.

CUARTO. Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación.

QUINTO. Informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

SEXTO. Compromete o gasto correspondente, por contía global de 24.701,49 € (6 meses) con cargo ás aplicacións orzamentarias 151.13101, 151.16000, 333.13100,

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6SEXYP-CW57XT9MNHJZGGCY32W | Corrección: <http://concellogrove.selectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Grove

333.16000, 334.13101 e 334.16000.

SÉTIMO. Constituír, para cada unha das titulacións, as seguintes listas de reserva, segundo o disposto na base 8º da convocatoria:

A) Licenciado/a/Grao en Xeografía e Historia

- 1 AGEEVA, OLESIA
- 2 REY MÉNDEZ, MARÍA

B) Mestre Especialidade Educación Infantil/Grao Educación infantil

- 1 PAZ TRIGO, UXÍA
- 2 MARENTES CARBALLIDO, LAURA

C) Ciclo Superior en Administración e Finanzas:

- 1 CHARLÍN CASAIS, SANDRA
- 2 COMESAÑA BEA, AROA
- 3 PIÑEIRO MOLDES, BRAIS
- 4 GARCÍA VILELA, RAQUEL

OITAVO. Publicar o presente Decreto na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

Mándao e asíno o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra “e” do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6SEXYPQW57XT9MNHJZGGCY32W | Corrección: <http://concellogrove.selectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3